


Servizo Municipal de  
Prevención de Drogodependencias  
e outras Adiccións Comportamentais

Centro de Convivencia  
Municipal Uxío Novoneyra

Rúa Quiroga Ballesteros, 1, 3º andar  
Tel. 982 297498 - 982 297837  
email: [prevenciondrogas@lugo.gal](mailto:prevenciondrogas@lugo.gal)



<https://lugomasxti.org>



Concello de Lugo  
ALCALDÍA

Xuventude  
e Deportes

Servizo de prevención  
de drogodependencias e outras  
adiccións comportamentais

# OBRADOIROS

## 2025/2026

*Unha sociedade máis informada e mellor formada  
sobre as adiccións será máis capaz de convivir nun  
mundo no que estas existen, reducindo o risco de  
establecer con elas relacións conflitivas.*



# OBRADOIROS PARA A MOCIDADE:

## Primaria

### PREVENCIÓN DE ADICCIÓNS CON E SEN SUBSTANCIA, DESCONECTA

Dirixido ao alumnado de 5º e 6º de primaria.

**Obxectivos:** influír nas crenzas e actitudes do alumnado sobre as adiccións en xeral, así como nos posibles consumos e na intención dos mesmos. Retrasala idade de inicio, promocionando a saúde e os hábitos de vida saudables.

(Contidos vinculados ao alcohol, tabaco, videoxogos, xogos de apostas e redes sociais, a través de dinámicas de presión grupal, toma de decisións, resolucións de conflitos, etc.).

**Número de sesións:** 3

## Secundaria

### PROGRAMA DE PREVENCIÓN UNPLUGGED\*

Dirixido ao alumnado de 1º e 2º da E.S.O.

Taller que conta con unha guía para traballar co alumnado na aula ao longo do curso durante un mínimo de 3 sesións. É un programa baseado na evidencia, dirixido a alumnado de 12 a 14 anos.

**Obxectivos:** Pretende promover o desenvolvemento de habilidades como estratexia para afrontar as influencias sociais favorecedoras dos consumos. Os contidos céntranse en tres áreas principalmente:

- Habilidades para a vida
- Información sobre as adiccións
- Cuestionamento da percepción normativa

**Número de sesións:** 3

### MONOGRÁFICO SOBRE O CÁNNABIS, VAPEO E OUTRAS FORMAS DE CONSUMO DE TABACO

Obradoiro para coñecer realmente o que oculta esta substancia, mitos, intereses, perigos e aclarar conceptos, amosando a realidade, tamén sobre os vapores e outras formas de consumo de tabaco a súa realidade e os seus perigos.

**Obxetivos:** Aclarar conceptos, reducir os riscos e formar-informar sobre a realidade destas substancias (mitos, lexislación, aclaracións, dúbidas, riscos...)

**Número de sesións:** 2

### OBRADOIRO DOBRE CHECK para 4º da E.S.O.

Dirixido a alumnado de 4º da ESO. Dúas sesións por grupo ao longo do curso onde se traballarán cuestións como as referidas ás adiccións no século XXI, e a responsabilidade persoal, a comunicación efectiva e as habilidades sociais e emocionais para a resolución de conflitos, o pensamento crítico, e tamén, as ferramentas de prevención de adiccións.

**Número de sesións:** 2

### OBRADOIRO, ADICCIÓNS, EDUCACIÓN VIAL E MOCIDADE\* (FPB e outros cursos).

Obradoiro plantexado para **mocidade de 16 anos en adiante**, composto por unha única sesión en relación aos consumos, os perigos, delitos en relación ao manexo de distintos tipos de vehículos (incluídos vehículos de mobilidade urbana) e consumo de substancias e as súas consecuencias.

**Obxetivos:** Aclarar conceptos, reducir os riscos e formar-informar sobre a realidade en relación con estas cuestións ás veces descoñecidas e que poden xerar riscos, sancións administrativas e delitos. (Obradoiro impartido por Técnicos municipais de prevención de adiccións e Policía local especializada nesta temática).

**Número de sesións:** 1



## Solicitud de obradoiros no ámbito educativo:

Deben de facerse antes do 30 de novembro de 2025 no email indicado (francisco.eiros@lugo.gal).

Na medida do posible terase en conta e respetarase a data solicitada por orde de solicitude. Preséntanse dous obradoiros totalmente novos para este curso\*

Precísase enviar solicitude vía email co nome do centro, grupos, días e horas, así como o número de participantes de cada grupo e persoa responsable ou de contacto do centro.

É obrigatorio cubrir o modelo que se atopa na web lugo+xti e remitilo o email indicado anteriormente.

## Talleres de prevención de adiccións para as familias

Dirixidos a pais e nais de alumnado de todas as idades

**Obxectivos:** informar e sensibilizar ás familias sobre o papel educador de cara á prevención das adiccións.

## Charlas para familias

- Prevención de adiccións a **substancias psicoactivas**.
- Prevención de adiccións **tecnolóxicas e comportamentais**.

## Solicitudes e información:

Francisco Javier Fernández Eiros  
francisco.eiros@lugo.gal  
Teléfono: 982 297 498